

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 22 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario.

A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e desenvolvemento das funcións e competencias en materia de sanidade de conformidade co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Constitución española, segundo o Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

Adscrito á Consellería de Sanidade, baixo a súa dirección, vixilancia e tutela, configúrase o Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, como organismo autónomo de carácter administrativo dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. A súa estrutura orgánica regúlase actualmente no Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, e os seus fins e funcións no capítulo I do título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 53 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a atención sociosanitaria configúranse o conxunto de cuidados sanitarios e aqueles outros que lle correspondan dentro do sistema de servizos sociais establecido na súa normativa específica, destinados aos/ás pacientes xeralmente crónicos/as, que polas súas especiais características poden beneficiarse da atención simultánea e sinérxica dos servizos sanitarios e sociais para aumentar a súa autonomía, paliar as súas limitacións ou sufrimentos e facilitar a súa reinserción social.

Así mesmo, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, no seu artigo 136 establece que a atención sociosanitaria deberá cubrir as necesidades das persoas baixo criterios de igualdade, equidade, accesibilidade, universalidade e complementariedade na acción das diferentes administracións. Do mesmo xeito, o citado artigo encomenda á Consellería de Sanidade o fomento de actuacións integrais sociais e sanitarias ante aquelas circunstancias de dependencia, cronicidade, discapacidade ou outras en que a cooperación entre o sistema sanitario e o sistema de servizos sociais comporte vantaxes sociais e asistenciais.



A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, ocúpase da programación, coordinación e xestión de accións e medidas dirixidas a sectores con especiais necesidades sociosanitarias.

Do mesmo xeito, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é o órgano encargado de asesorar, coordinar e supervisar as directrices e accións de carácter sociosanitario que se desenvolvan no ámbito da Comunidade Autónoma. Entre outros, ten o obxectivo xeral de colaborar e cooperar con institucións públicas e privadas, entre elas, as entidades sen ánimo de lucro, na xestión de programas de carácter sociosanitario.

O Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, recolle a posibilidade de establecer programas específicos para o tratamento de situacións que presenten unha alta incidencia no territorio ou unha gran relevancia sociosanitaria, como é o caso do alcoholismo.

O Plan de trastornos adictivos de Galicia 2011-2016 define entre os seus obxectivos o de mellorar a cobertura asistencial das adiccións, entre elas o alcoholismo e o xogo patolóxico, e recolle nas súas liñas de actuación a oferta de tratamentos adaptados ás necesidades de cada persoa.

Tendo en conta estas premisas e a importancia actual do tecido asociativo galego no desenvolvemento de programas de carácter sociosanitario, considérase de interese prioritario o establecemento dunha liña de axudas orientadas a apoiar o desenvolvemento de programas de carácter sociosanitario destinados a colectivos de persoas afectadas por alcoholismo e ludopatía, así como persoas dependentes e afectadas por dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista e trastornos da conduta alimentaria, e que necesiten coidados e actividades de rehabilitación e apoio para o mantemento da súa autonomía dentro da comunidade.

Por todo o exposto, conforme o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como na Lei 4/2006, do 13 de xullo, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; polo Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e



das consellerías da Xunta de Galicia, e polo Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, para a debida aplicación dos créditos orzamentarios aos fins para os cales foron establecidos,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de carácter sociosanitario. Os ditos programas están destinados á realización de actividades no proceso de atención e rehabilitación de persoas con especiais necesidades de atención sociosanitaria asociadas ao alcoholismo, alcoholismo e outras adiccións sen substancia, ludopatía, dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista e trastornos da conduta alimentaria.

A súa finalidade é aumentar a autonomía, paliar as posibles limitacións e favorecer a rehabilitación e integración das persoas que compoñen os ditos colectivos.

Artigo 2. *Requisitos das entidades beneficiarias*

1. Para seren beneficiarias das axudas publicadas nesta orde as entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser unha entidade privada sen ánimo de lucro cuxos fins estatutarios principais sexan a realización de actividades de apoio e axuda ao colectivo ao cal se dirixen os programas de atención sociosanitaria para os que se solicita subvención: alcohol, alcohol e outras adiccións sen substancia, ludopatía, dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista e trastornos da conduta alimentaria.

Para estes efectos, considerarase enfermidade rara aquela que ten unha prevalencia menor de 5 casos por cada 10.000 habitantes na nosa Comunidade Autónoma.

b) Estar legalmente constituídas, polo menos con dous anos de anterioridade con respecto á data de publicación desta convocatoria, coa excepción das federacións recentemente constituídas que estean integradas maioritariamente por asociacións cunha antigüidade superior aos dous anos. Así mesmo, deberán estar inscritas no rexistro administrativo correspondente.



c) Dispoñer dunha sede central ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, entendéndose como tal a presenza física e o domicilio social nela, e comprometerse, así mesmo, a desenvolver as actividades subvencionadas dentro do seu territorio.

d) Ter un horario mínimo de atención ao público de 20 horas semanais, destinadas a dar información e prestar axuda dun xeito prioritario aos colectivos afectados.

e) Dispoñer de estrutura técnica e capacidade suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos no programa presentado, así como experiencia operativa na súa implementación.

No desenvolvemento do programa participarán os/as técnicos/as e o persoal adecuado necesarios, e a dirección e coordinación terá que levala a cabo un/unha técnico/a coa titulación universitaria axeitada para o desenvolvemento das actividades previstas, o cal será o seu responsable.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades nas cales conorra algunha das prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Todos os requisitos se deberán acreditar na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manter durante todo o período de execución do programa subvencionado.

Artigo 3. *Actividades e gastos subvencionables*

1. As actividades subvencionables desagreganse nas seguintes liñas de axuda:

Liña A. Orientada a desenvolver programas de carácter sociosanitario destinados á realización de actividades no proceso de atención e rehabilitación de persoas con especiais necesidades de atención sociosanitaria asociadas á ludopatía, ao alcoholismo e/ou ao alcoholismo e outras adiccións sen substancia:

a) Ludopatía:

Programas sociosanitarios de rehabilitación en persoas afectadas por ludopatía.

b) Alcoholismo e/ou alcoholismo e outras adiccións sen substancia:

1º. Programas sociosanitarios de apoio á abstinencia en persoas non sometidas a tratamento ambulatorio.



2º. Programas sociosanitarios de prevención de recaídas dirixidos a pacientes que estean en tratamento ambulatorio.

Liña B. Orientada a desenvolver programas de carácter sociosanitario destinados á realización de actividades no proceso de atención e rehabilitación de persoas afectadas por dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista e trastornos da conduta alimentaria:

1º. Programas de rehabilitación fisioterápica.

2º. Programas de rehabilitación logopédica.

3º. Programas de rehabilitación cognitiva.

4º. Programas de terapia ocupacional.

5º. Programas de apoio psicolóxico.

2. Enténdese por programa o conxunto de actividades ordenadas e dirixidas a unha poboación definida en que se empregan os recursos necesarios durante un período determinado e coa finalidade de acadar uns obxectivos concretos.

3. As entidades só poderán concorrer a unha liña de axuda, á liña A ou á liña B, e solicitar axuda para un único programa.

4. As federacións que reciban subvención non poderán xustificar os gastos do programa a través de calquera outra entidade que reciba axuda mediante esta orde.

5. Os programas obxecto de subvención deberase levar a cabo ao longo de 2016.

6. Consideraranse gastos subvencionables os destinados a sufragar os gastos correntes e de persoal en que dun xeito indubidable concorra a entidade beneficiaria como consecuencia do desenvolvemento do programa subvencionado, e non pola súa actividade asistencial, e que se realicen dentro do prazo establecido pola presente convocatoria. Para estes efectos, serán gastos subvencionables os realizados desde a entrada en vigor da orde ata o 31 de outubro de 2016.



Artigo 4. *Imputación orzamentaria, réxime de compatibilidades e contía*

1. Para as subvencións que se concedan na execución desta orde destínase un crédito inicial de 232.000 € con cargo á aplicación 5001.413A.481.21, con código de proxecto 201400027, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, e quedan as resolucións no momento da súa concesión condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria sinalada.

Así mesmo, todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto se entenderán condicionados a que no momento de ditarse a resolución de concesión subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos os ditos actos, e someterase o procedemento de aprobación de gasto ao disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 24 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O crédito inicial sinalado distribúese para as liñas de axuda recollidas nesta convocatoria da seguinte maneira:

Liña A: 116.000 €.

Liña B: 116.000 €.

2. Subvencionaranse os primeiros 15 programas pertencentes á liña A e os 15 primeiros programas da liña B, de acordo coa orde de prelación establecida. Se dentro dunha mesma liña non se esgota o crédito dispoñible para esta, o crédito sobranse poderase destinar para o financiamento dos programas das entidades que se encontren en reserva segundo a orde de prelación establecida. Se aínda así queda crédito sen asignar nunha das liñas, este poderase destinar á outra liña de axuda seguindo o criterio anteriormente establecido.

3. As subvencións que reciban as entidades en virtude desta orde son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, pero non para o mesmo programa, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

4. O importe da axuda para o programa subvencionado será, como máximo, de 10.000 euros. De acordo co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe das subvencións outorgadas non poderá en ningún caso ser de tal



contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades subvencionadas que desenvolverá a entidade beneficiaria.

A contía solicitada non poderá superar os 10.000 € nin ser inferior a 2.000 €.

A obtención doutras axudas deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial no momento da súa concesión.

5. De acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se poderán outorgar subvencións por contía superior ao importe do crédito recollido no número 1 deste artigo, agás que se produza o incremento do crédito dispoñible para este fin.

Artigo 5. *Solicitudes*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



3. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Calquera cambio que se produza nos datos contidos na documentación que se xunte coa solicitude deberá comunicarse á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, quen poderá solicitar da entidade solicitante todos cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente.

5. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases reguladoras desta orde de subvencións.

6. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro.

A documentación complementaria tamén se poderá presentar en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou o representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

No caso de que algún dos documentos que van presentar de forma electrónica a persoa solicitante ou o representante supere os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.



7. Documentación obrigatoria que hai que achegar:

a) Documentación que acredite a representación legal da entidade.

b) Escritura de constitución e estatutos da entidade solicitante e modificacións, de ser o caso, debidamente inscritos no rexistro correspondente ou, en todo caso, documentación que acredite que a entidade está inscrita no correspondente rexistro administrativo.

c) NIF da entidade solicitante no caso de denegar expresamente a súa consulta.

d) Balance ou xustificación dos ingresos e gastos da entidade, referido ao exercicio económico do ano 2015.

e) Documentación acreditativa da calidade técnica do programa que se vai desenvolver segundo o modelo do anexo II, en que se recolla:

e.1) Memoria descritiva do programa que se vai desenvolver, en que conste, como mínimo:

1º. Denominación.

2º. Indicación da tipoloxía que corresponda segundo a clasificación recollida no artigo 3.1.

3º. Colectivo específico ao cal vai dirixido o programa.

4º. Cronograma (número de horas dedicadas ao programa, datas concretas de realización e horario previsto).

5º. Fundamentación teórica e pertinencia do programa.

6º. Criterios de inclusión.

7º. Obxectivos: xerais e específicos.

8º. Metodoloxía.

9º. Indicadores de proceso e resultado de acordo cos obxectivos definidos.

e.2) Recursos humanos que a entidade dedicará para o desenvolvemento do programa, indicando o nome e os apelidos, a titulación académica, o posto de traballo e as funcións



que vai desenvolver. Deberase indicar a persoa responsable da dirección e coordinación do programa, de acordo co previsto no artigo 2.1.e).

e.3) Medios materiais cos cales conta a entidade para a realización do programa.

e.4) Valoración económica aproximada do custo do programa. Orzamento desagregado por conceptos de gasto previstos segundo a tipoloxía de gastos subvencionables: gastos de persoal, incluídas as cotizacións á Seguridade Social, e os gastos correntes tales como alugueiros, subministración de enerxía eléctrica, telefonía e conexión á internet e material de oficina, entre outros.

e.5) Concello ou concellos onde se desenvolverá o programa.

e.6) Lingua en que se desenvolverán as actividades.

Artigo 6. *Consentimentos e autorizacións*

1. As solicitudes das persoas interesadas deberán xuntar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estean en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderanse acoller ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se fagan constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao cal correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir á persoa solicitante ou ao representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos cales se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou o representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a persoa solicitante ou o representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.



3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 7. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nos ficheiros denominados «Relacións comerciais e económicas con terceiros» e «Xestión económica e orzamentaria», cuxo obxecto é xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable destes ficheiros é a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, mediante envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Sanidade, Secretaría Xeral Técnica; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

Artigo 8. *Procedemento, instrución e comisión de valoración*

1. O procedemento de concesión de subvencións será o de concorrencia competitiva.
2. O órgano instrutor do procedemento será a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial do Servizo Galego de Saúde.
3. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, coas concrecións que se establecen nos parágrafos seguintes.
4. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano instrutor examinará a documentación presentada. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos



sinalados na convocatoria ou a documentación obrigatoria que se debe presentar con-teña erros ou sexa insuficiente, requirirase a entidade para que, nun prazo de dez (10) días, corrixa a falta, realice as aclaracións ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa solicitude, logo de resolución que así o declare, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Durante a instrución do procedemento constituirase como órgano colexiado unha comisión de valoración que, de acordo cos criterios establecidos no artigo seguinte, avaliará os programas solicitados e emitirá o correspondente informe coa valoración acadada polos programas presentados. Esta comisión estará integrada polas seguintes persoas:

a) A persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial ou a persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a.

b) A persoa que desempeñe a xefatura do Servizo de Xestión Sociosanitaria.

c) A persoa que desempeñe a xefatura do Servizo de Saúde Mental e Asistencia a Dro-godependencias.

d) Tres técnicos/as da dita subdirección, dos cales un/unha asumirá a secretaría.

Por proposta do/da presidente/a do dito órgano poderase solicitar o asesoramento de expertos/as externos/as con competencia nas materias propias dos programas obxecto de subvención.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, considerarase independente aque-la persoa en que non concorra ningunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Na composición da comisión de valoración procurarase acadar unha composición equi-librada de mulleres e homes.

6. A Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, unha vez avalia-das as solicitudes e emitido o informe da comisión de valoración, realizará a proposta de resolución.



Artigo 9. *Criterios de valoración das solicitudes*

Para a valoración dos diferentes puntos deste artigo só se terán en conta os que estean debidamente xustificadas.

1. A comisión de valoración, para avaliar as solicitudes, terá en conta os seguintes criterios:

1.1 Valoración da entidade solicitante (0-30 puntos):

a) Grao de implantación da entidade. Valorarase o maior ámbito territorial de implantación da entidade (máximo 4 puntos):

1º Federación de ámbito autonómico ou asociación integrada nunha federación de ámbito autonómico: 4 puntos

2º Outro tipo de entidade: 2 puntos.

b) Antigüidade da entidade. Outorgarase 1 punto por cada dous anos transcorridos desde a data de creación da entidade (máximo 5 puntos).

Para os efectos de cómputo tomarase como referencia a data que figure nos estatutos da entidade ou na documentación de constitución correspondente.

c) Experiencia da entidade solicitante na realización de actividades ou programas relacionados coa tipoloxía de axuda á cal se presente. Outorgarase 1 punto por cada ano en que a entidade obtivese algunha axuda de organismos públicos, sempre que esa axuda fose para actividades ou programas relacionados co tipo de axudas obxecto desta orde. Se no mesmo ano se reciben varias axudas, só se computará unha delas. Para a súa comprobación deberán presentar copia acreditativa da concesión da subvención ou referencia do diario oficial en que se publicou a dita concesión (máximo 10 puntos).

d) Calidade na xestión da entidade, mediante o desenvolvemento, implantación e mantemento de sistemas de xestión de calidade recoñecidos, debidamente acreditados e actualizados mediante premios ou recoñecementos de calidade (4 puntos).



e) Grao de dedicación da entidade aos colectivos aos cales se dirixen os programas obxecto de subvención (máximo 7 puntos):

1º. Asociación ou entidade dedicada exclusivamente á atención en alcoholismo, ludopatía, dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista, trastornos da conduta alimentaria: 7 puntos.

2º. Asociación ou entidade non dedicada exclusivamente aos ditos colectivos: 3 puntos.

1.2. Valoración dos programas (0-70 puntos):

a) Concello ou concellos onde se desenvolverá o programa (máximo 5 puntos):

1º. Un concello: 1 punto.

2º. De dous a cinco concellos: 3 puntos.

3º. Máis de cinco concellos: 5 puntos.

b) Ámbito de actuación destinado exclusivamente a determinados colectivos: mozos ou adolescentes, mulleres ou colectivos en risco de exclusión (5 puntos).

c) Contido e calidade do programa (máximo 60 puntos): para garantir un mínimo de calidade dos programas, todos eles deberán superar unha puntuación mínima de 30 puntos nesta epígrafe:

1º. Descrición do programa, en que se terán en conta os/as profesionais dedicados/as ao seu desenvolvemento e a súa idoneidade, número estimado de beneficiarios/as, lugar de realización, número de horas dedicadas á realización do programa, cronograma detallado das datas e do horario previstos (máximo 12 puntos).

2º. Fundamentación teórica e pertinencia do programa (máximo 8 puntos).

3º. Descrición dos criterios de inclusión no programa (máximo 10 puntos).

4º. Obxectivos xerais e específicos definidos para o programa (máximo 10 puntos).



5º. Proposta metodolóxica para o desenvolvemento do programa, en que se avaliarán os protocolos de traballo previstos para a consecución dos obxectivos e o nivel de detalle da metodoloxía (máximo 10 puntos).

6º. Adecuación da proposta de indicadores de proceso e resultado definidos para a avaliación do programa (máximo 10 puntos).

2. As solicitudes serán baremadas ata un máximo de 100 puntos, conforme o procedemento que se recolle neste número. Avaliaranse inicialmente os criterios correspondentes á capacidade técnica da entidade. Seguidamente, realizarase a valoración individual de cada programa, o cal deberá obter a puntuación mínima exixida. Esta última puntuación sumarase, por separado, á puntuación obtida pola entidade na fase de valoración da súa capacidade técnica. Como resultado obteranse dúas listaxes ordenadas de maior a menor, incluíndo a quenda de reservas, unha por cada unha das liñas de axuda previstas, que indicará a orde de prelación para a asignación dos importes a cada unha das entidades ás cales se lles concederá a subvención, considerando en todo caso os seguintes límites:

1º. Recibirán subvención os 15 programas da liña A e os 15 programas da liña B mellor puntuados, de acordo coa orde de prelación establecida, sen prexuízo do establecido no artigo 4.2.

2º. Se dúas ou máis entidades obteñen unha puntuación igual, e por razóns de insuficiencia de crédito dispoñible ou superación do límite máximo do número de axudas recollido no número anterior non poden recibir axuda todas elas, a preferencia para a obtención da correspondente subvención seguirá estes criterios e pola seguinte orde:

- a) Maior puntuación na valoración do programa (artigo 9.1.2).
- b) Maior puntuación acadada na epígrafe do contido e calidade do programa (artigo 9.1.2.c).
- c) Antigüidade da entidade (artigo 9.1.1.b).
- d) Uso da lingua galega para desenvolver as actividades do programa.

3. O importe da subvención adxudicada será proporcional á puntuación total obtida tras a valoración dos criterios, asegurando, en todo caso, un importe mínimo suficiente para garantir o desenvolvemento do programa en condicións de eficacia e calidade.



4. A Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial poderá realizar os axustes que considere oportunos sobre calquera dos elementos integrantes do programa, sempre orientados a garantir a súa factibilidade, eficiencia e o respecto aos principios éticos aplicables.

5. Se, de conformidade co artigo 10.1, unha entidade beneficiaria renuncia á axuda destinada ao programa e, como consecuencia do límite orzamentario que establece o artigo 4.1 ou do límite máximo de número de axudas recollido no número 2 deste artigo, quedan programas sen recibir axuda, aquela adxudicarase ao seguinte programa que figure na orde de prelación establecida tal como se recolle neste artigo 9, incluída a quenda de reservas.

Artigo 10. *Resolución e notificación*

1. As entidades solicitantes propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para a súa aceptación unha vez recibida a notificación. Transcorrido o dito prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

2. Correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade e da Presidencia do Servizo Galego de Saúde resolver o procedemento.

3. As resolucións serán motivadas e seranlles notificadas ás entidades interesadas, no enderezo que cada unha delas sinale na correspondente solicitude, no prazo máximo de cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. De non mediar resolución expresa no citado prazo, as entidades interesadas poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. A resolución deberá serlles notificada ás entidades beneficiarias de forma individualizada, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. De conformidade co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, que será notificada ao/á beneficiario/a nos termos previstos no número 4 deste artigo.



Artigo 11. *Recursos*

As resolucións que se diten ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá recorrerse potestativamente en reposición, ante a persoa titular da Presidencia do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, se o acto é expreso, ou de tres meses se non o é, contado desde o día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou ben ser impugnadas directamente, ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da data de notificación, se o acto é expreso, ou de seis meses se non o é, contado desde o día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que legalmente proceda.

Artigo 12. *Pagamento e xustificación*

1. O pagamento da subvención realizarase de acordo co procedemento de aprobación de gasto e pagamento recollido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En aplicación do disposto no número anterior, a contía da subvención farase efectiva mediante pagamento único. Esta xustificación realizarase unha vez cumprida a finalidade e as demais condicións desta orde nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagamentos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes, onde se fagan constar o/a acredor/a e documento, a data de expedición, a data de pagamento, o concepto e o importe (segundo anexo III).

b) Certificación expedida polo/a secretario/a ou o/a representante da entidade onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto desta subvención e que foron debidamente aboados (segundo anexo IV).

Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade do programa subvencionado con estas axudas, indicárase a contía exacta daquel que resulte afectado por el.



c) Declaración responsable (segundo anexo V):

1º. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo programa, de calquera entidade privada, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

2º. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3º. Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4º. Declaración das actividades realizadas e financiadas do programa obxecto da subvención, indicando o custo total repercutido para a entidade.

3. Considéranse gastos subvencionables os recollidos no artigo 3.6.

4. A documentación xustificativa dos gastos dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial (Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela; número de teléfono 881 54 18 24), con data límite do 15 de novembro de 2016. Esta subdirección xeral emitirá unha certificación favorable de ser conforme.

De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, consideraranse gastos realizados os que foron efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideron pagar nese prazo.

Así mesmo, con data límite do 31 de decembro de 2016 as entidades subvencionadas deberán presentar unha memoria das actividades realizadas no marco do programa obxecto de subvención.

5. En cumprimento do disposto no artigo 14.1.m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no caso de que unha entidade non realice o 100 % da actividade obxecto da axuda ou, de ser o



caso, non realice o 100 % do gasto previsto no orzamento do programa, isto dará lugar á modificación da resolución da concesión, e a contía da axuda concedida reducirase proporcionalmente á actividade realizada e ao custo efectivamente repercutido á entidade.

Artigo 13. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Cumprir o obxectivo, executar o programa e realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

2. Xustificar, ante a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade determinante da concesión da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente para comprobar o cumprimento do fin para o cal se destina esta subvención, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberase efectuar no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria, así como cantos estados contables e rexistros sexan exixibles de conformidade co disposto nas presentes bases, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



7. Incluír en todos os documentos e accións de difusión e información do programa subvencionado o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, en consonancia coa obriga de publicidade do carácter público do financiamento do programa establecida no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 12 desta orde, así como nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

9. Así mesmo, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas dispostas neste artigo, as entidades beneficiarias estarán obrigadas a:

a) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

b) Comunicar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.

c) Comunicar, en todo momento, á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial calquera modificación nas datas, horario e lugares previstos para a realización de cada programa.

Artigo 14. *Revogación e reintegro*

1. No caso de producirse algunha das causas establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o establecido no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, procederase á revogación da subvención, así como ao reintegro, de ser o caso, da subvención percibida e dos xuros de mora correspondentes.

2. Malia o recollido no artigo 10.5, e en cumprimento do establecido nos artigos 14.1.m) e 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, de ser o caso, ao reintegro da subvención percibida e dos xuros de mora correspondentes.



Artigo 15. *Infraccións e sancións*

Respecto do réxime de infraccións e sancións, será de aplicación o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 16. *Publicidade*

1. O órgano administrativo concedente publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Consonte o artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, os/as interesados/as poderán exercer os dereitos alí contidos; así mesmo, terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Disposición derradeira primeira. Remisión normativa

Nos aspectos non contidos nesta orde aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e, supletoriamente, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición derradeira segunda. Habilitación

A persoa titular da Consellería de Sanidade e da Presidencia do Servizo Galego de Saúde ditará as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2015

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I

| | | | |
|---|----------------------|---|-------------------------|
| PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, ÁS ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE CARÁCTER SOCIO SANITARIO | | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SA803A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
| DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE | | | |
| RAZÓN SOCIAL | | NIF | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| PARROQUIA | | LUGAR | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |
| E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | | | |
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| CARGO NA ENTIDADE | | | |
| <input type="text"/> | | | |
| ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior) | | | |
| TIPO DE VÍA | | NOME DA VÍA | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| CP | | PROVINCIA | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| CONCELLO | | LOCALIDADE | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| TELÉFONO | | FAX | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| CORREO ELECTRÓNICO | | <input type="text"/> | |
| DATOS BANCARIOS | | | |
| Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada. | | | |
| TITULAR DA CONTA | | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) | |
| <input type="text"/> | | IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> | |
| PROGRAMA, IMPORTE SOLICITADO E CUSTO TOTAL DO PROGRAMA | | | |
| PROGRAMA | | IMPORTE SOLICITADO | CUSTO TOTAL |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE | | | |
| NOME | | DATA DE CONSTITUCIÓN | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| ÁMBITO TERRITORIAL: | | | |
| <input type="radio"/> LOCAL | | <input type="radio"/> PROVINCIAL | |
| <input type="radio"/> AUTONÓMICO | | | |
| REPRESENTATIVIDADE: | | | |
| <input type="radio"/> FEDERACIÓN DE ÁMBITO AUTONÓMICO | | | |
| <input type="radio"/> ASOCIACIÓN INTEGRADA NUNHA FEDERACIÓN DE ÁMBITO AUTONÓMICO | | | |
| <input type="radio"/> OUTRA ENTIDADE | | | |
| <input type="text"/> | | | |
| DEDICACIÓN: | | | |
| <input type="radio"/> EXCLUSIVA | | | |
| <input type="radio"/> OUTRAS (Sinálese cal/es é/son): | | | |
| <input type="text"/> | | | |

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: mpnblmc7-hy18-teb6-gg17-fgpijcrwwj48



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE SANIDADE

 ANEXO I
 (continuación)

| FINANCIAMENTO (continuación) | | |
|------------------------------|----------|---------|
| ADMINISTRACIÓN LOCAL | | |
| DEPUTACIÓN | CONCELLO | IMPORTE |
| | | |
| ADMINISTRACIÓN ESTATAL | | |
| DENOMINACIÓN | | IMPORTE |
| | | |
| | | |
| OUTROS | | |
| ESPECIFICAR | | IMPORTE |
| | | |
| | | |
| TOTAL FINANCIAMENTO | | |

| SISTEMAS E PROCESOS DE XESTIÓN DA CALIDADE |
|--|
| CERTIFICACIÓN, HOMOLOGACIÓN OU RECOÑECIMENTO EXTERNO |
| |
| |
| |

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|-----------|-------------|
| | |
| | |
| | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

| | | | | |
|---|--------------------------|------------|--------|-----|
| <input type="checkbox"/> Anexo II | | | | |
| <input type="checkbox"/> Balance ou xustificación dos ingresos e gastos da entidade referida ao exercicio económico 2014 | | | | |
| | PRESENTADO | CÓD. PROC. | EXPTE. | ANO |
| <input type="checkbox"/> Documentación que acredite a representación legal da entidade | <input type="checkbox"/> | | | |
| <input type="checkbox"/> Escritura de constitución, estatutos da entidade solicitante e certificación de estar inscrita no rexistro administrativo competente | <input type="checkbox"/> | | | |
| <input type="checkbox"/> Copia do NIF da entidade solicitante no caso de denegar expresamente a súa consulta. | <input type="checkbox"/> | | | |

Autorizo a Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e co artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vivente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Sanidade, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario.


SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: mpnblmc7-hy18-teb6-ggi7-fgpijcrwwj48



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CALIDADE TÉCNICA DO PROGRAMA

MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROGRAMA

DENOMINACIÓN

TIPOLOXÍA

 TIPO A TIPO B

COLECTIVO ESPECÍFICO AO CAL VAI DIRIXIDO O PROGRAMA:

CRONOGRAMA

NÚMERO DE HORAS DEDICADAS AO PROGRAMA

DATAS CONCRETAS DE REALIZACIÓN

HORARIO PREVISTO

FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E PERTINENCIA DO PROGRAMA

CRITERIOS DE INCLUSIÓN





OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

METODOLOXÍA

INDICADORES DE PROCESO E RESULTADO





ANEXO III
(continuación)

RELACIÓN DE GASTOS CORRENTES

| Nº ORDE | Nº FACTURA | DATA EXPEDICIÓN | DATA PAGAMENTO | ACREDOR | NIF | CONCEPTO | IMPORTE TOTAL | IMPORTE IMPUTADO |
|---------|------------|-----------------|----------------|---------|-----|----------|---------------|------------------|
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | TOTAL | |

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DE GASTOS

D/Dª con NIF

en calidade de da entidade

con NIF e enderezo en

CERTIFICA:

Que os gastos que se xustifican por un importe de € se ocasionaron no desenvolvemento das actividades correspondentes ao programa

e que os ditos gastos foron debidamente aboados.

SINATURA

Lugar e data

, de de 

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



DECLARACIÓNS RESPONSABLES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|-----------|-------------|
| | |
| | |
| | |

2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. Que son certos os datos que foron consignados na solicitude, relativos á conta bancaria onde se fará o pagamento da subvención concedida e que a entidade solicitante é titular de dita conta.

Así mesmo, declara:

Que as actividades realizadas e financiadas para levar a cabo o programa

obxecto de subvención supuxeron un custo total de

 €.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

